



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela

anpasgalegas@gmail.com

www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>

<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel600 699 293 - 610 616 968

NOTA DE PRENSA

Onte, 15 de decembro de 2025, representantes de ANPAS GALEGAS mantivemos unha xuntanza, por petición nosa, coa Directora xeral de ordenación e innovación educativa. A nosa intención era trasladarlle a preocupación das nais e pais do alumnado galego, pola inadecuada atención á diversidade no ensino público, así como para demandar solucións e un cambio de rumbo nese actitude da consellaría.

Igualmente, puxemos tamén enriba da mesa a opacidade dos centros públicos galegos á hora de informar ás representantes das familias sobre a situación obxectiva dos centros escolares, os seus recursos e necesidades, insistindo pola nosa parte na necesidade de que as familias saiban co que poden contar e que teñan a garantía de que as súas fillas e fillos están recibindo a atención e a formación á que teñen dereito.

Para a nosa sorpresa, a resposta da directora xeral foi na liña de que o problema non son os recursos, que abundan, senón a súa mala xestión por parte dos centros. Dubidamos fondamente desa abundancia que contrasta coa realidade que se vive en todos os centros escolares galegos; e dende logo lamentamos que a consellaría escude a situación na súa propia incapacidade de xestión, porque é ela quen ten que xestionar correctamente, non os centros que non fan máis que o que se lles permite facer coas ferramentas das que dispoñen.

O caso é que o quen está sufrindo as consecuencias desta falta de capacidade é o alumnado galego, as nosas fillas e fillos. En ANPAS GALEGAS cremos que un ensino público inclusivo é posible, e lembramos que cando hai unha queixa social, cando unha ANPA se mobiliza, é porque ten sobrados motivos e porque previamente esgotou todas as vías de diálogo.

Unha situación que actualmente non afecta a unha soa ANPA ou a unhas poucas familias. Estamos falando, tal e como se ve nas mobilizacións permanentes que vivimos, dun sistema que non funciona no seu conxunto, que non é transparente, non quere poñer solucións e dende logo está a demostrar que carece de todo interese por ser inclusivo, malia as repetidas palabras ocas que o conselleiro constantemente publica nos medios.

Nesta reunión, á parte de aceptar que todo funciona mal, a directora xeral acusounos de ser un colectivo manipulado e sen criterio propio. Non sabe tampouco, neste caso, do que está falando, ANPAS GALEGAS representa a centos de ANPAS e miles de familias, somos unha organización soberana e cunha fonda democracia interna; cando facemos unha protesta é



Rúa Estocolmo, 8
15707 – Santiago de Compostela
anpasgalegas@gmail.com
www.anpasgalegas.gal

<https://www.facebook.com/anpasgalegas/>
<https://twitter.com//ANPASGALEGAS>

Tel600 699 293 - 610 616 968

logo de asegurar que aquilo polo que protestamos é unha realidade obxectiva, e que esa é xa a única vía de demanda que nos queda por realizar. Sabemos ao que temos dereito e iso é o que reivindicamos: os dereitos das nosas nenas e nenos, os da sociedade de todos, non os dunha ideoloxía, que son os que está a defender a directora xeral.

A directora pediunos que a informáramos do que estaba pasando. A nosa primeira intención sería contestar que sabelo era o seu traballo, non o noso, pero ademais de demócratas somos colaboradoras, sempre o fomos, e por iso ímoslle trasladar a lista de ANPAS que nos fixeron chegar as necesidades do seu centro escolar, sendo conscientes de que é só a punta do iceberg e tamén de que nesa lista falamos de necesidades clamorosas, aínda que sabemos que unha soa alumna ou un alumno que non ten a atención que precisa é tan importante para nós como si estiveramos falando de todo o alumnado galego. Esa é a diferenza entre a mirada da consellería e a nosa.

Estaremos atentas á resposta real que a dirección xeral lle dea aos centros desas ANPAS que trasladamos, sen esquecer ás outras que aínda non están nesta listaxe pero que teñen a mesma problemática.

E continuaremos informándovos do que a consellaría resolva, e reclamando cando non o faga. Por nós mesmas, porque ese é o noso traballo, governe quen governe, e coincidamos con quen coincidamos: defender ás nosas fillas e fillos.

ANPAS GALEGAS



Isabel Calvete Carrera
Presidenta de ANPAS GALEGAS
Contacto: 600699293

Iris Cordeiro Currás
Vicepresidenta de ANPAS GALEGAS
Contacto 610616968